


RAP DO MAGOSTO

Nesta celebración tan nosa sempre veñen ben o canto e o baile. Non vai ser todo comer, papar e engordar! Un pouco de ledicia e a movernos cantando esta canción.

(Retrouso)


Castaña, castaña, do chan se apaña,
metida no ourizo non é unha "patraña".
Magosto, magosto, non vaías co posto,
leva castañas e alegría ese corpo. (bis)



Coidado cos dedos, pódeste picar,
o castiñeiro protexe o seu froito vital.
Apañando con tino, metendo num cesto,
deixando secar a castaña ao solleiro.

Despois de ben secas, mételle o dente,
ponas ao lume para que estean ben quentes.
Despois dun tempinho están preparadas,
comemos castañas, castañas asadas.

Tamén é costume furar a tixola
para asar as castañas. A tixola mola!
Hai outros que queren facelas cocidas,
fiúncho e cachelos, castañas fervidas.



Non hai desperdicio, non perdas o tempo,
tan só hai que poñer en bo uso o peteiro.
Deixádemme agora que convide eu.
Castañas, castañas, non sexas baldreo!

(Retrouso) (bis)

Letra e música: Paço Nogueiras.

CD-DVD "Brinca vai", Editorial Kalandraka, 2014.